

Literatura galega en Madrid: exótopos e belixerantes

Vicente ARAGUAS

Escribir en galego en Madrid é tarefa tan pouco doada –supoño– como ser cormorán ou corvo mariño nestas terras. E, non obstante e malia todos os atrancos, podemos atopar esas aves tan ben dotadas para a pesca, procedentes, talvez, dos grandes lagos do Este de Europa, en ríos e encoros madrileños. Así no de Molino de la Hoz, Las Rozas, onde o Guadarrama amplía a súa canle por causas nada naturais, en fin. Natural, en cambio, semella escribir galego en Madrid. Seméllanos a nós, escritores exótopos, conscientes de que o noso esforzo vai ter un eco limitado. Non maior que o da presenza dos cormoráns en Valmayor, Casa del Campo ou Molino de la Hoz. E aínda así, talvez porque sabemos distinguir, con Antonio Machado, outro de fóra que viñera residir a Madrid, aínda que (iso si) empregando na súa escrita a lingua común de sevillanos e madrileños, as voces dos ecos. Mais sabendo, en todo caso, que para que o noso concepto chegue a Galicia teremos de ultrapasar unha barreira triple, a do idioma (atrancos común aos colegas que na Terra operan), a da distancia e, “last but not least”, a dos alfandagueiros que nos agardan ao remate da nosa viaxe, dispostos a esculcar con lentes de groso aumento o contido das nosas maletas. A cousa é así e os forzados da rota literaria que vencella Madrid con Galicia ben sabemos de que vai o conto e por iso aprestamos a pluma de acotío con tanta gana e forza como con moderado escepticismo. Coñecedores de que o que se escribe fóra de Galicia, en galego, digo, non existe. E xa non é que me remita ás probas, que o farei axiña, senón tamén á seguridade de que a aseveración anterior, da miña autoría, tivo rápida extrapolación, e con ela encabezara

Xosé Lois García a súa escolma de poetas galegos residentes en Cataluña (secundada por Manuel Pereira Valcárcel, e eu mesmo, en proposta idéntica, relativa a Madrid, e titulada *Tránsito*). Ora, como non é cousa de incorporarse á confraría do Santo Reproche (que diría Joaquín Sabina), que un escolle un idioma (ou é escollido por el) por razóns que nada teñen que ver, en principio, coas literarias. Que logo estas veñan sumarse aos argumentos éticos (ou estéticos) que nos levan optar por un idioma, cando hai dous (ou máis) a competir polo favor dos falantes, é outra historia. Tamén que hai escritores alófonos atraídos pola beleza dun idioma que non é o propio é unha realidade tan evidente como que Federico García Lorca escribira *Seis poemas gallegos* (e tanto ten a presenza de Blanco Amor ou de Guerra da Cal na súa feitura; isto non deixa de ser un “plus”).

Mais aquí estase a falar de xente galega fóra de Galicia, eu mesmo, que seguen a escribir na lingua pola que optaron, co que isto ten de posición ética. Sen ter que dar explicacións a ninguén, lástima fora, que unha cousa é este posicionamento belixerante, de compromiso ou tendencia e outra ter que depender de quen o administre “ad libitum”, eufemismo para referirse a comenencias distribuídas en función dos intereses particulares ou editorais. Certo que aquí ten habido editoras, Brais Pinto a máis nomeada de entre as últimas, mais ningunha con potencia abondo como para emular as radicadas en Galicia. Porque Akal, por exemplo, aínda en activo, e con catálogo importante, ocúpase (ocupouse, máis ben) do xénero galego máis anecdótica que categoricamente. Certo tamén, e xa entramos

en materia ultimísima, que a presenza do grupo Bilbao, nome, como se sabe, determinado pola glorieta onde se atopa o Café Comercial, sede (desde o ano 1996) da tertulia dos escritores galegos en Madrid, implica igualmente a existencia de selos editoriais variados, detrás dos que non é difícil imaxinar a bulideira personalidade do escritor bexarano Xavier Frías Conde. Sería moi prolixo enumerar todas as publicacións, cadernos, escolmas, traducións (de e para o galego) que viron á luz a través do “holding” Frías. Tan prolixo como ricaz, mais iso precisaría dun lugar máis axeitado que este. Mais quero/debo testemuñar a importancia desta tertulia –hai quen prefere chamarlle faladoiro–, que encetara o seu queixo ou boroa no café máis vello de Madrid (onde Pérez Galdós soubera do atentado, que acabaría sendo mortal, contra Don Juan Prim y Prats; inciso para lembrar que os cans dun personaxe de Cunqueiro levaban os gloriosos nomes de Prim e de Prats) por indicación de Fermín Bouza, residente no barrio. É un dos tres tertulianos que ben entrado o outono de 1996 tiveron no Comercial a xuntanza iniciática do choio; os outros dous, Xavier Frías Conde, lástima fora, e eu mesmo. Esa tertulia foi, segue a selo, o navío infante da literatura galega en Madrid; ollo, non digo que non haxa alternativas nin lugares *ad hoc*, eu non os coñezo, polo menos coa teimosía da tertulia do Comercial.

Por ela teñen pasado todos canto teñen algo que dicir nas letras galegas capitalinas, esa extraña simbiose á que Borobó chamaba “Madrygal” e que dá nome a certa espléndida revista da Universidade Complutense dirixida por unha muller á que non ouso chamar exótopa, máis ben é alófona como galego falante e escribinte, procedente de Valdepeñas: Carmen Mejía, saúde, amiga. Polo Comercial andaron o xa citado Borobó, Fariña Jamardo, Alexandre Finisterre, entre os que desgrazadamente xa non están con nós, pero tamén unha chea de escritores, Calís Pato, Xurxo Novoa, Verónica Delgado Martínez, Viki Veiguela, que estiveron con nós autenticamente en tránsito, tornando a Galicia (ou a Varsovia, no caso Viki) unha vez que rematou o seu tempo madrileño. Así e todo, o núcleo duro exótopo que se reúne periodicamente no Café Comercial

está composto polo tantas veces citado Xavier Frías, Manuel Pereira Valcárcel, Rafa Yáñez, Pepiño da Gaita, Ricardo Pichel (continuan-do a tradición que fai dos lectores galegos da Complutense; anteriormente, Ana Acuña, Miguel Louzao, Roberto Pascual, Chuni Canal, asiduos á tertulia), Inés Canosa e, “last but not least”, Sabino Torres, decano hoxe dos escritores que en Madrid teiman e persisten nun amor loitador e, talvez, incomprendido por aqueles que non están no choio. Por certo, aquí estiveron de paso, participando na tertulia, Inma López Silva, Yolanda Castaño, Emma Couceiro ou o alemán, especialista na guerrilla que operara na Galicia posbélica, Helmut Heinze. E non quixera esquecer a presenza moi activa de Carme Lamela, quen incorporou ao Comercial, desde o Espazo das Linguas Ibéricas, unha chea de tertulianos novos e moi dispostos, escritores ou non, que unha das grazas –dígase isto entre aspas– desta xuntanza é o seu carácter vencellador e aínda amplificador.

Porque unha literatura, e non fai falla que expliquemos aquí as peculiaridades da nosa, en sintonía cunha lingua que se bate e aínda debate en condicións ben adversas, non se entende soamente desde os autores que a xustifican e os libros que a orzan. De aí, e isto tamén é outra historia, a presenza de asociación culturais galegas na diáspora. Se cadra máis partidarias de choios gastronómicos ou lúdicos que literarios, aínda que moitas veces aparezan estes tamén nos compangos ou nos rustridos dos seus actos, por máis que isto non dea pasado de mero verniz cultural. Ora, literatura, que algo queda, se se me permite glosar o vello dito referido a algo tan brután como é a calumnias. Así e todo, esas circunstancias gastronómicas –“de la panza sale la danza” di o refrán– que arrodean as sociedades galegas da diáspora, que é do que estamos a falar aquí e agora, son as que envolven un contido cultural básico; trátase de música, coros e danzas maiormente, pero tamén ese mundo literario que, desde o exterior, ten feito cousas do máis grande interese.

A emigración (e con ela a exotopía), da que procedían filántropos como Daniel-Pascual Cortón ou Xosé Fontenla Leal, que acollera a Curros Enríquez ou, moito máis tarde, a outro

celanovés célebre, Celso Emilio Ferreiro ou –tinguida da cor do exilio– a Castelao, e con el ese manual imprescindible, case que un “do it yourself” de patriotismos, que se chama *Sempre en Galiza*. Sen emigración, e por certo que non quixera facer loanza dela, polo menos da obrigada, igual un libro tan importante como *Memorias dun neno labrego* xamais tería existido. Ora, son consciente de que nin Curros nin Celso nin moito menos Castelao (o “caso”, así entre aspas, Neira Vilas, merece tratamento á parte) poden nin deben ser considerados escritores exótopos. Calificativo que lle merecín no seu momento, disimulen pola alusión persoal, a Luis Luna e a Paz Gago. Xuízo que escoitei ou lin cunha certa saudade, seguro de que si ben paga a pena todo isto, loitar pola existencia dunha lingua (non hai literatura sen ela, a latina unha vez morto o latín non pasou de ser asunto para eruditos ou diletantes) non ser tidos en conta tal como quixéramos na metrópole –digamos– ten unha graza relativa.

Un segundo “así e todo” fai que coide que a razón segue a estar da nosa parte, pensando que vindo como vimos –e estamos– dentro dunha literatura que se permite, pola banda no seu órgano máis representativo, a Real Academia Galega, prescindir dun elemento, ben pouco exótopo por certo, como Don Ricardo Carvalho Calero, nada nos pode extrañar. Certo que o <lh> de marras dá pé ou pretexto ou alibi ao disparate. Conclúo, de momento, dicindo que estamos os de sempre aínda que (Neruda deixouno dito para sempre) “ya no somos los mismos”. Mais sexamos aínda membros dese clube fantasmal ou estadea que fan e desfan, como Galicia no memorable “Penélope”, de Xosé María Díaz Castro, que por aquí andou igualmente. Castro acabou tendo a repercusión da que era/é merecente, mais –non nos enganemos– o seu carreiro estivo cheo de atrancos e laboriosidades. ¿Que “no pain no game”? Se cadra. Mais seguramente que as cousas se desfrutan máis cando hai unha correspondencia. Paréceme.